



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MEMORIA XUSTIFICATIVA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

INTRODUCCIÓN

O **Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro**, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturaran a súa organización mediante **relacións de postos de traballo (RPT)** ou outros instrumentos organizativos similares. Estes deben incluír, como mínimo, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas de adscrición, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Así mesmo, dispón que estes instrumentos terán carácter **público**.

As RPT constitúen, así, o **instrumento técnico fundamental de ordenación do persoal** da Administración, pois permiten adecuar os recursos humanos ás necesidades dos servizos, establecendo os requisitos esixidos para o desempeño de cada posto, así como a súa denominación, características esenciais e retribucións complementarias correspondentes.

Neste sentido, a **Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**, dedica o seu Título IV á organización do emprego público. O artigo 38.1 define a RPT como un **instrumento técnico de carácter público** que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación. Pola súa banda, o artigo 38.2 sinala que, a través da RPT, as administracións **estructuran a súa organización, clasifican os postos existentes e determinan o seu contido** para efectos de selección e provisión, co obxectivo de racionalizar e organizar o persoal e garantir unha prestación eficaz dos servizos públicos. Finalmente, o artigo 38.3 dispón que **os orzamentos deben reflectir os créditos correspondentes ás RPT**, non podendo existir postos sen dotación orzamentaria.

A **Relación de Postos de Traballo vixente** da Consellería do Medio Rural foi aprobada por **Acordo do Consello da Xunta de Galicia o 17 de xuño de 2021** (DOG do 15/07/2021). Desde entón, foi obxecto de varias modificacións mediante resolucións posteriores:

- **Resolución do 24 de xuño de 2021** (DOG 25/06/2021): funcionarización de diversos postos.
- **Resolución do 5 de agosto de 2022** (DOG 11/08/2022): creación das Unidades de Investigación de Incendios Forestais, postos itinerantes e coordinación das OACs, e do servizo da Cadea Alimentaria.
- **Resolución do 5 de outubro de 2022** (DOG 11/10/2022): creación dunha unidade administrativa temporal para a xestión de fondos de recuperación e resiliencia (FRR) e outros fondos europeos.
- **Resolución do 19 de xaneiro de 2023** (DOG 23/01/2023): adaptación de postos tras os procesos de estabilización de persoal temporal.



- **Resolución do 22 de maio de 2023:** modificacións relativas á funcionarización de postos de persoal laboral e clasificación en diversas escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.
- **Resolución do 9 de xuño de 2023:** creación das **unidades helitransportadas** do mesmo servizo.
- **Resolución do 24 de novembro de 2023:** modificacións derivadas das necesidades funcionais e organizativas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

Á vista do anterior, e tomando como referencia o **artigo 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015**, que establece que a planificación dos recursos humanos debe garantir a eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia no uso dos recursos dispoñibles, mediante a adecuada dimensión, distribución, formación e mobilidade dos efectivos; e a **Orde da Consellería de Facenda do 10 de maio de 2017**, pola que se establecen os criterios para a elaboración das RPT da Comunidade Autónoma (DOG núm. 90, do 11/05/2017), **proponse unha nova modificación da RPT** da Consellería do Medio Rural.

O obxectivo desta proposta é **actualizar o cadro de persoal**, adaptándoo ás necesidades actuais da Consellería, e coa finalidade de **garantir a continuidade, eficiencia e calidade dos servizos esenciais** que esta consellería presta no ámbito da extinción de incendios e de sanidade animal, seguridade alimentaria e saúde pública.

Concretamente, a necesidade de creación de seis novos postos de traballo na Relación de Postos de Traballo (RPT) da Dirección Xeral de Defensa do Monte, no marco da constitución formal da Unidade de Directores de Extinción (UDEX), co fin de reforzar a capacidade operativa do dispositivo de prevención e loita contra os incendios forestais en Galicia, e

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN

1.1. DIRECCIÓN XERAL DEFENSA DO MONTE: CREACIÓN DA UNIDADE DE DIRECTORES/AS DE EXTINCIÓN (UDEX)

Xustificación da creación da Unidade de directores/as de Extinción

Os operativos de extinción de incendios forestais veñen facendo fronte a situacións de crecente complexidade debido ao aumento da duración do período de risco, a maior virulencia dos lumes e ao incremento da superficie media por incendio afectada. Estes factores dificultan o control eficaz dos incendios e fan necesaria unha mellora da estrutura de mando e coordinación operativa.

O Pladiga, establecen diferentes niveis operativos (A, B e C), sendo os incendios de tipo B e C os que requiren maior número de medios e estrutura de mando especializada, como establece o sistema SEMOP (Sistema Estructural de Mando Operativo) derivado do modelo ICS.

Cómpre salientar que a Unidade de Directores/as de Extinción (UDEX) foi xa incorporada oficialmente ao PLADIGA no ano 2023, como resposta á necesidade de



contar cunha estrutura de mando profesionalizada para incendios de alta complexidade. Desde entón, a UDEX figura como unidade operativa especializada, cun procedemento de actuación recollido no Anexo 13 do PLADIGA, no que se detallan as súas funcións, activacións e protocolos de intervención.

A UDEX é unidade de referencia técnica dentro do dispositivo de defensa contra os incendios forestais, cun enfoque baseado na anticipación, a análise operativa en tempo real, a toma de decisións estratéxicas e a coordinación eficaz dos medios despregados.

A creación formal dos postos na RPT serve, polo tanto, para dotar de cobertura estrutural e administrativa unha realidade operativa xa existente, que desde 2023 ven funcionando con persoal nomeado especificamente para cumprir coas tarefas encomendadas.

A proposta contempla que os seis postos que integrarán a UDEX sexan postos de nova creación, e non resultado da transformación de postos existentes, xa que é esencial manter a estrutura actual de axentes ambientais nos distritos forestais. O persoal destes distritos garante a cobertura territorial de tarefas ordinarias de prevención, vixilancia, control e apoio na extinción, polo que a súa redistribución suporía unha perda de capacidade operativa fundamental no territorio.

Deste modo, créanse postos específicos e diferenciados, cun ámbito territorial autonómico, sen comprometer os recursos humanos xa asignados aos distritos.

A súa activación correspóndelle ao Centro de Coordinación Central, que a mobiliza en situacións de especial gravidade ou complexidade, con incendios clasificados nos niveis operativos B ou C, ou con alto potencial de evolución a grandes incendios forestais. A UDEX asume a Dirección Técnica de Extinción desde o momento da súa chegada, asegurando unha resposta profesional e coordinada co resto do operativo.

Actualmente, a estrutura administrativa non dispón de postos técnicos especificamente adscritos a estas funcións, polo que se propón a creación de 6 postos de Axentes que realicen estas funcións de coordinación durante a Extinción, baixo dependencia directa do Director Xeral de Defensa do Monte, e cun ámbito de actuación de carácter autonómico. As características dos postos mencionados e cuxa creación se propón son as seguintes:

POSTOS	NIVEIS	FORMA DE PROVISIÓN
1 Axente Coordinador/a autonómico/a UDEX (con dependencia directa do DX)	25	Libre designación
2 Axentes coordinador I e II UDEX (con dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX)	22	Concurso específico
3 Axentes UDEX (con dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX)	22	Concurso específico



As funcións principais, conforme ao PLADIGA, son:

- Dirección Técnica de Extinción (DTE) e desempeño das funcións SEMOP.
- Coordinación dos medios terrestres e aéreos no lugar do lume.
- Elaboración de informes operativos e de análise post-incendio.
- Participación no deseño e impartición de formación técnica ao persoal do SPIF.
- Apoio en tarefas de prevención, planificación e mellora continua do dispositivo.

O posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX: será ademais o que desenvolverá a coordinación estratéxica das UDEX a nivel autonómico.

Xustificación da excepcionalidade na forma de provisión do posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu artigo 91 que as *xefturas de servizo ou os postos de nivel equivalente* deben ser provistos mediante concurso específico, salvo aqueles que, polas súas especiais características, deban ser cubertos polo sistema de libre designación, sempre mediante convocatoria pública. Ademais, a devandita lei indica que os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria, nos termos que regulamentariamente se establezan.

En aplicación destes preceptos, a Dirección Xeral da Función Pública ditou a Resolución do 25 de febreiro de 2016 (DOG núm. 44, do 4 de marzo), na que se establecen as instrucións para a tramitación das relacións de postos de traballo e os criterios de excepcionalidade que deben concorrer para xustificar a cobertura dun posto por libre designación nos niveis 28 ou inferiores.

Neste contexto, créase o posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX, con dependencia directa da Dirección Xeral de Defensa do Monte, co fin de coordinar os equipos de intervención en incendios forestais de alta perigosidade (nivel operativo B ou C). Este posto asume, desde a súa chegada ao lugar do incendio, a Dirección Técnica de Extinción, ata a incorporación doutras autoridades competentes, co obxectivo de garantir un desenvolvemento seguro, eficaz e inmediato do operativo.

As funcións atribuídas a este posto implican claramente un exercicio de autoridade administrativa en situacións de emerxencia, o que cumpre co criterio de excepcionalidade recollido no apartado 4 da instrución cuarta da citada resolución. Dito apartado establece que concorre responsabilidade especial cando o posto conleva a toma de decisións que supoñen limitacións de dereitos individuais, tales como o acceso a zonas determinadas, a circulación por vías públicas ou o uso de propiedades privadas, todo iso co fin de protexer a seguridade das persoas e do territorio.

Xustificación da excepcionalidade na forma de provisión dos postos de Axentes Coordinadores/as UDEX e dos axentes UDEX.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos de traballo da Administración deberán ser provistos, con carácter xeral, polo sistema de concurso, e de maneira particular



mediante concurso específico para aqueles postos que, polas súas peculiares características, así se determine nas relacións de postos de traballo (RPTs).

No caso dos Axentes Coordinadores/as UDEX e dos Axentes UDEX, considérase plenamente xustificado o concurso específico como sistema de provisión, atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

1. Funcións altamente especializadas. Os axentes coordinadores exercen responsabilidades operativas de alta cualificación técnica, asumindo a dirección técnica de extinción de incendios forestais complexos (de nivel operativo B ou C). As súas funcións esixen experiencia contrastada en xestión de operativos, análise de riscos, toma de decisións en contextos de emerxencia e coñecementos avanzados en comportamento do lume, cartografía e uso de tecnoloxía aplicada.
2. Dependencia xerárquica e función substitutiva. Estes postos están adscritos funcionalmente ao Coordinador/a Autonómico/a da UDEX, e forman parte da cadea de mando no dispositivo de extinción. Asumen as funcións do coordinador autonómico na súa ausencia ou por delegación, exercendo así un papel clave na continuidade operativa e na eficacia do sistema. Esta posición intermedia de alta responsabilidade require unha valoración específica dos méritos técnicos, experiencia previa e competencias operativas.
3. Requirimentos específicos para a súa cobertura. As tarefas asignadas a estes postos non son de carácter xenérico nin susceptibles de ser cubertas por persoal sen capacitación previa. Requírense coñecementos especializados, formación técnica acreditada e experiencia en dirección de lumes forestais, elementos que só poden ser debidamente valorados mediante un concurso específico que contemple méritos e perfís axustados á natureza do posto.
4. Necesidade de garantir a idoneidade profesional e a continuidade do servizo. A selección mediante concurso específico permite garantir a adecuación profesional dos/as candidatos/as aos postos ofertados, asegurando unha cobertura estable e obxectiva. Este sistema tamén favorece a consolidación dunha estrutura directiva técnica coherente dentro da UDEX, fundamental para o éxito do dispositivo.

Todo o anterior xustifica que a proposta de creación de seis postos para a UDEX na RPT responde á necesidade de dar soporte estable e estrutural a unha unidade xa existente no dispositivo desde 2023, recoñecida no PLADIGA e validada pola experiencia acumulada. Ademais, ao tratarse de postos de nova creación, garántese que non se comprometerá a operatividade territorial actual dos distritos forestais, contribuindo así a unha resposta máis eficaz, especializada e coordinada ante os incendios forestais.

Deste modo, créanse postos específicos e diferenciados, cun ámbito territorial autonómico, sen comprometer os recursos humanos xa asignados aos distritos.



1.2. **DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS: LABORATORIO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN ANIMAL DE GALICIA**

O laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia (LUGO), dependente da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, desenvolve un papel estratéxico e esencial na protección da saúde pública e do sector agrogandeiro galego mediante a realización de ensaios, análises e estudos vinculados á sanidade animal e produción. No ano 2023 procesáronse máis de **670.000 mostras** de 24 especies diferentes, cun total de **1.236.000 determinacións** correspondentes a 230 ensaios distintos, cifras que revelan unha tendencia de crecemento constante.

A súa actividade está especialmente orientada á participación en programas sanitarios oficiais, vixilancia de zoonoses, resposta ante alertas sanitarias (como a influenza aviaria, lingua azul, enfermidade hemorráxica epizoótica) e apoio analítico á exportación e circulación de produtos de orixe animal.

A actual estrutura de persoal do Laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia presenta un déficit estrutural significativo que incide de forma negativa na capacidade de cumprir de maneira eficaz cos obxectivos do centro, debido á falta de auxiliares e analistas de laboratorio —agravada pola existencia de vacantes e ausencias sen cubrir—, á necesidade constante de priorizar as análises esenciais en detrimento doutras igualmente relevantes por mor das limitacións de capacidade, á redución da actividade nos períodos vacacionais, nos que mesmo foi preciso rexeitar a entrada de mostras non urxentes, e ao desequilibrio existente nos postos veterinarios, nos que conviven prazas de nivel 20, 22 e 24 sen unha correspondencia funcional real, xerando así rotacións frecuentes e a perda continuada de persoal altamente cualificado que abandona o laboratorio para acceder a postos de maior nivel noutras unidades.

En consecuencia propónse a creación dos seguintes postos:

- **3 prazas de Auxiliar de Laboratorio**
 - Grupo: C2 · Nivel: 15
 - Localización: Lugo
 - Mérito: código 759 (experiencia en técnicas de laboratorio de sanidade e produción animal)
- **2 prazas de Inspector/a de Laboratorio**
 - Grupo: A1 · Nivel: 24
 - Localización: Lugo
 - Mérito: código 759
 - Con sistema de alerta veterinaria (complemento específico diferencial)



Para favorecer a estabilidade do persoal especializado e recoñecer a experiencia en técnicas de laboratorio propias da unidade, proponse a **inclusión do mérito 759** (experiencia en técnicas laboratoriais) nos **18 postos existentes** (principalmente Inspectores/as e postos base do subgrupo A1), mantendo coherencia coas restantes prazas xa dotadas deste mérito e ademais en un dos postos de nova creación, se propón a adscrición A11, é dicir que o posto pode ser ocupado por funcionarios da administración autonómica e estatal.

As modificacións propostas na RPT do Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia permiten adecuar a súa estrutura ao contexto operativo actual, **reforzando a capacidade técnica, a estabilidade do persoal e a resposta ante emerxencias sanitarias** que afectan tanto á saúde animal como á pública.

Esta proposta intégrase nos principios de eficacia, eficiencia e calidade do emprego público, recollidos no artigo 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jorge Atán Castro

Secretario Xera Técnico